

Novas promocións de vivenda protexida

O día 23 de xaneiro remata o prazo de solicitude para os oleirenses que desexen optar a unha das 77 vivendas de protección ubicadas nas localidades de O Seixal (Nos), Fonte da Barreira (Perillo) e Canide - Mera (Maianca). No mes de marzo adxudicaranse novas parcelas para a construción doutras 92.

Páxina 16



Concello de  Oleiros

Portocobo e Maxi, dous exemplos de modernización, de man dos seus novos propietarios

Páxina 11

Vivir en Oleiros

Número 25
Xaneiro 2007
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Auditorio "Gabriel García Márquez" de Mera acolleu a homenaxe ós nosos deportistas



As novas obras dos veciños en rúas, paseos, parques e estradas

Páxinas 7 e 8

Aprobadas as subvencións para as entidades locais

Páxina 18

I GALA DO DEPORTE: tempo de campións

■ 53 mozos/as subiron xuntos, por primeira vez, ó escenario do Auditorio Municipal de Mera para recibir o emotivo aplauso do pobo de Oleiros nun acto público de recoñecemento, homenaxe e gratitude, no que cada nome brillou con luz propia. Miles de horas de esforzo e constancia incansables, de longas peregrinaxes polos terreos de xogo, dentro e fóra das nosas fronteiras, víronse recompensados ó acadar o podio máis merecido das súas carreiras: o da súa terra, esa que dende anos pasean polo máis alto do panorama deportivo. A todos, moitas grazas. Páxina 17

Obituario Kaydeda: o adeus a un home de ben

Páxina 23

NOVAS PUBLICACIÓNS PARA A HISTORIA

Co obxectivo de difundir e promover a nosa riqueza cultural e patrimonial, O Concello de Oleiros editou dous novos libros para todos os veciños do municipio. A historia da nosa música, con centos de cidadáns anónimos como protagonistas, e un inédito paseo polos pazos, casas e fincas de recreo oleirenses levarannos de viaxe polo tempo.

Páxina 19

Como saber
ónde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2 

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933 ext.112

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
E. Inf. O Corgo. Dexo	981 628 064
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
I.E.S. Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I.E.S. Miraflores / Oleiros	981 631 615
I.E.S. Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	3 xaneiro / 2 febreiro / 3 marzo
Mingua	11 xaneiro / 10 febreiro / 12 marzo
Nova	19 xaneiro / 17 febreiro / 19 marzo
Medra	25 xaneiro / 24 febreiro / 25 marzo

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

En Oleiros TAXI a domicilio tamén no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45 a 6,55 a 7,10 a 7,25 a 7,35 a 7,45 a 21 cada 15' a 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' a 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10 a 7,40 a 8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10 a 7,40 a 8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05 a 14,05. Volta 8,30 a 14,30 Dom+fest Ida 10,05 a 14,05. Volta 10,30 a 14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05 a 19,05. Volta 16,35 a 19,35 Dom+fest Ida 16,05 a 19,05. Volta 16,35 a 19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora. Último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55 a 10,55 a 13,05 a 14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25 a 8,25 a 20,55 cada hora. Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora. Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50 a 7,10 a 13,05 a 13,05 de 7,40 a 20,40 cada hora. De 8 a 12 cada hora. De 14 a 20 cada hora. Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora. De 7,30 a 19,30 cada hora. 20,50 a 22,30 Sábados Ida 8,50 a 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11 a 21,10. Volta de Oleiros 11,30 a 21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45 a 13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristobo **981 153 338**



Xa somos 31.972 veciños/as censados/as!

Ata o 29 de decembro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.400
DORNEDA (San Martiño)	3.481
IÑÁS (San Xurxo)	1.190
LIÁS (Santa Eulalia)	9.211
MAIANCA (San Cosme)	991
NOS (San Pedro)	4.110
OLEIROS (Santa María)	2.658
PERILLO (Santa Leocadia)	7.467
SERANTES (San Xulián)	1.464
TOTAL	31.972

Farmacias de garda

<ul style="list-style-type: none"> ■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 64 84 40 	Do 29 de decembro ó 3 de xaneiro Do 16 ó 22 de febreiro
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liás) ● Teléfono: 981 61 41 84 	Do 4 ó 11 de xaneiro Do 23 de febreiro ó 1 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> ■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 61 00 27 	Do 12 ó 18 de xaneiro Do 2 ó 8 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 61 79 37 	Do 19 ó 25 de xaneiro Do 9 ó 15 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 63 50 24 	Do 26 de xaneiro ó 1 de febreiro Do 16 ó 22 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 66 38 90 	Do 2 ó 8 de febreiro Do 23 ó 29 de marzo
<ul style="list-style-type: none"> ■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liás) ● Teléfono: 981 61 45 03 	Do 9 ó 15 de febreiro Do 30 de marzo ó 5 de abril

Datas

EDITORIAL

● A PONTE DA PASAXE: VÍTIMAS E VERDUGOS

◆ Calquera pequeno incidente ou accidente de tráfico vén a pór en evidencia, día tras día, a penosa e incomprensible situación que os cidadáns da comarca de A Coruña, e todos aqueles que doutras latitudes se desprazan á cidade, temos que sufrir e soportar, debido ás interminables colas de tráfico e ó caos xerado nas estradas de segunda orde e viais secundarios, que os ávidos automobilistas escudriñan para intentar colarse polos atallos para chegar ó destino previsto.

Son moitas as voces que, carentes de todo rigor na súa análise, achacan estes males ós responsables municipais da área metropolitana por permitir o desenvolvemento urbanístico sen prever accesos adecuados ó incremento poboacional.

Pode que, nalgúns casos, teña algo de certo esta afirmación: non se pode masificar con inmensos bloques de edificios, carentes dos máis elementais estudos sociolóxicos, amparados nunha ubicación inmediata ó viario público con servizos básicos que os consolidan como solos urbanos.

Ese non é o caso de Oleiros, xa que esas políticas, que tamén aquí se desenvolvían na década dos 70, principalmente en Perillo e Santa Cruz, foron erradicadas a través dos Plans Xerais de Ordenación do Territorio do 1984 e 1995 e no aprobado recentemente polo pleno municipal do presente ano, ratificando a política urbanística de baixas densidades con previsión de novas infraestruturas viarias de alta capacidade para o tránsito automobilístico que sufrimos por ser Oleiros una das principais entradas á cidade e un dos máis importantes concellos da comarca para disfrutar do ocio e do tempo de lecer.

A singularidade da nosa costa, as praias, a hostelería, a ubicación de numerosos equipamentos para a práctica deportiva e a localización de empresas e zonas comerciais así o esixía. Sen

dúbida, unha das medidas de actuación que solventará, en boa parte, esta grave situación que padecemos, é a, caseque virtual construción da Vía Ártabra. Urxe converter este proxecto nunha realidade social para uso e beneficio de todos. Por iso sería moi aconsellable que a Xunta comezara a dar pasos en firme para a súa consolidación con feitos en vez de verbas, e con obras en marcha en vez de continuas e interminables exposicións ó público que en nada axudan a eliminar os problemas de tráfico existentes.

O principal causante do “embotellamento” no noso Concello é a Ponte da Pasaxe. Este é o viario con máis intensidade de tráfico das estradas de Galicia, con noventa mil vehículos diarios.

É urxente e necesario que os sesudos e “intelixentes” técnicos e responsables políticos, tanto autonómicos como estatais, se preocupen dunha vez por todas de solventar tan grave situación coa construción dunha nova ponte paralela á actual que poña fin ó caos automobilístico que incordia, fai sufrir e penaliza ós miles de traballadores, estudantes, amas de casa e residentes de zonas limítrofes, vítimas dunha carencia total de planificación por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia, para dotar á máis importante e puxante área de desenvolvemento social e económico de Galicia dunha rede viaria moderna e axeitada ás necesidades dos seus usuarios.

Ademais de “planificar” a vintecinco ou trinta anos vista: AVE, metros lixeiros etc, que nunca veremos pero que soan moi ben para entreter á galería e “alimentar” ós consultins de turno, póñanse a traballar e solventen os problemas inmediatos, deixen de estresar á poboación e de facernos perder tempo e cartos nesas longas e inconcebibles colas.

Non fagan promesas, ¡cúmpranas!

“O NOVO PLAN XERAL”

CONTRA OS QUE PRETENDEN A DESTRUCCIÓN E A ESPECULACIÓN

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





Alternativa dos veciños / Ángel García Seoane. Presidente de Alternativa dos Veciños

O PROCESO ELECTORAL DE ALTERNATIVA: ABERTO E DEMÓCRATA

Durante os pasados meses de outubro e novembro celebráronse en todas as parroquias de Oleiros, incluída a localidade de Montrove, as asembleas abertas para a elección dos precandidatos que concorrerán ás primarias. Un total de 873 veciños elixiron ós 30 representantes que acudiran as eleccións

primarias de Alternativa dos Veciños, a celebrar o vindeiro 10 de febreiro no polideportivo municipal de A Rabadeira, en Oleiros.

Durante ese día, calquera veciño empadroadado que o desexe poderá participar na selección dos vinteún candidatos que conformarán a listaxe oficial de Alternativa dos

veciños nas vindeiras eleccións municipais, que terán lugar o 27 de maio.

En datas próximas recibiredes nos vosos domicilios a documentación necesaria, xunto coas papeletas correspondentes, para facilitar a vosa participación neste singular proceso

electoral, aberto a todos, á marxe de ideoloxías ou pensamentos, e no que a democracia e a participación libre brillan por mérito propio.

Dende a Alternativa dos Veciños solicitamos a vosa participación para, entre todos, elixir a mellor candidatura.

Contamos con vós.



Partido Popular de Oleiros

EL PARTIDO POPULAR LES DESEA A TODOS UNAS FELICES FIESTAS NAVIDEÑAS Y PRÓSPERO AÑO NUEVO, ACOMPAÑADO DE VENTUROSAS Y GENEROSAS RECALIFICACIONES.

La Opinión,
12-09-2006:
“La Fiscalía denuncia al alcalde de Oleiros por sus negocios urbanísticos”

La Voz de Galicia,
12-09-2006:

“La Fiscalía ve indicios de delito en la compra de fincas por parte del alcalde de Oleiros”

El Ideal Gallego,
12-09-2006: “El Fiscal denuncia a Ángel

García Seoane por recalificar terrenos durante su mandato”

La Opinión,
29-10-2006:
“El Concello aumenta la edificabilidad de la finca del concejal de

Urbanismo”
La Opinión, 5-12-2006:
“El Concello recalificó una finca de la familia de la edil de Régimen Interior”

www.ppoleiros.es



Grupo Municipal Socialista

AÑO NUEVO, NUEVAS ILUSIONES

Ha comenzado un nuevo año y todos hacemos previsiones de futuro. Un Ayuntamiento no deja de ser una gran familia donde todos también debemos hacer un proyecto común para este nuevo año. Y el proyecto de Oleiros debe ser el de mejorar día a día. Existen retos por los que no sólo debemos soñar, sino por los que debemos luchar. Necesitamos mejorar nuestros colegios públicos, ¿es normal que un ayuntamiento que presume de “rico” y que tiene la obligación del mantenimiento

de los centros públicos, pueda tener colegios con goteras o con deficiencias estructurales?

Debemos dar a los niños la posibilidad de enriquecerse con actividades extraescolares, y el ayuntamiento ha dejado sin ellas a algún colegio que se fió de la palabra del Concello. Debemos subsanar el problema de abastecimiento de agua, que en verano es insuficiente y en invierno llaga a muchos hogares embarrada. Debemos mejorar el asfaltado de vías

municipales que se encuentran en condiciones lamentables. Debemos luchar por infraestructuras mejores que nos permitan una mejor movilidad viaria. Debemos subsanar todas las deficiencias de un ayuntamiento que es guapo por naturaleza pero que lo podemos poner más. Pero además debemos mejorar la vida democrática de Oleiros, es imprescindible que los asuntos turbios de un Alcalde no paralicen los proyectos de obras y

mejoras, y Oleiros lleva unos meses paralizado porque el equipo de gobierno está más preocupado en salvar el honor de su líder que en resolver los problemas de los vecinos. El 2007 que acabamos de estrenar, nos va a dar a todos los vecinos la posibilidad de solucionar el problema que paraliza en estos momentos Oleiros. En mayo, ustedes, con sus votos, pueden apostar por mejorar nuestro pueblo porque Oleiros merece un cambio, necesita el cambio.



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osorio. Responsábel Local do BNG de Oleiros

RESPONSABILIDADE

Nos últimos meses vimos comprobando como a irresponsabilidade se apoderou da corporación de Oleiros; o goberno leva varios meses sen convocar plenos ordinarios sustraendo así o directo de milleiros de cidadáns a apresentar iniciativas no principal órgano de decisión política do concello.

A coalición PP-PSOE convirte os plenos nun espectáculo circense con continuas algaradas na procura de titulares de prensa sen facer unha soa proposta construtiva ou intervencións que non recollan insultos ou descualificacións. O debate político é inexistente periodizándose os intereses

persoais e partidistas por diante do sentido común e os intereses dos veciños e veciñas do noso concello provocando a paralización da vida municipal para despois poder culpabilizarse uns aos outros das consecuencias negativas destas actitudes. Só o BNG mantén un comportamento

responsábel e coherente, poñendo por diante o funcionamento municipal e fuxindo, por unha banda, do insulto e da provocación e, por outra, do vitimismo permanente e a defensa do persoal por diante do público. Para máis información: www.blogoteca.com/bngoleiros

SEGURIDADE VIAL E NOVOS ACCESOS COA APERTURA DA RÚA AS GARRIDAS, EN PLENA N-VI

■ *Ante os problemas que estaban a padecer os veciños dos edificios ubicados a carón da N-VI relacionados coa falta de seguridade vial, accesos axeitados e cómodos ás vivendas e a inexistencia de aparcadoiros públicos, o Concello de Oleiros urxiu no pasado trimestre ós promotores da unidade de actuación Areal III coa finalidade de que entregaran parte destes accesos sen esperar á consolidación definitiva do conxunto da urbanización.*



◆ Ese feito fixo posible a apertura ó tráfico da Rúa Garridas, un novo vial situado á marxe dereita da N-VI en dirección á cidade de A Coruña, converténdose nunha boa alternativa á precaria situación na que se atopaban os residentes deste ámbito, logrando así solventar a meirande parte das súas carencias, ademais de facilitar unha notable desconxestión do tráfico rodado procedente dos núcleos de poboación deste zona e parte alta da localidade. A conexión da estrada nacional coa rúa Rosalía de Castro e parte das inmediacións da finca Rialeda, mediante este vial, verase complementado con outro novo que unirá a rúa do Areal coa das Garridas, facilitando unha circulación fluída para os vehículos e moito máis segura e tranquila para os peóns que a diario transitan por esta zona.

En ambos casos, as obras levadas a cabo foron sufragadas integramente polos promotores da citada urbanización.

A CIDADE ITALIANA DE BUCCINO, CONECTADA POLA AVENIDA DE OLEIROS

■ *O Alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e a concelleira de Cultura, Esther Garrido Pan, desprazáronse á cidade medieval italiana de Buccino, para asistir á inauguración dunha rúa que levará para sempre o nome do noso municipio.*



◆ Trátase dunha avenida, denominada Via Oleiros, ubicada en pleno corazón desta cidade da provincia de Salerno. A citada vía é unha das máis importantes de Buccino, posto que conecta dous ámbitos claramente diferenciados: o casco histórico e a zona máis nova da cidade.

Sen dúbida, este feito vén consolidar, aínda máis, os lazos afectivos e de amizade que unen a ambos pobos dende o ano 1998, época na que se leva a cabo o primeiro intercambio estudiantil que permitiu descubrir a similitude e coincidencias na vida municipal de ambas localidades. Co paso do tempo, a relación institucional foi en aumento ata acadar a consolidación de fortes vínculos de irmanamento entre ambas cidades, moi próximas entre si pese á distancia física. De feito, o concello oleirense tamén conta, dende hai sete anos, cunha rúa adicada á cidade italiana. A mencionada vía Buccino, atópase situada na parroquia de Dorneda, nas inmediacións da praia de Naval, moi preto da coñecida Rúa do Mar.

Así mesmo, a estancia, de tres días de duración, dos nosos responsables municipais en Salerno resultou moi fructífera e produtiva, posto que realizaron diversas actividades institucionais acudindo e participando activamente en moitas delas. Así foi o caso da asemblea provincial do goberno, durante a que se evidenciaron numerosas mostras de afecto, simpatía e consideración cara os nosos representantes locais.



■ García Seoane co Alcalde de Buccino (Italia)

O CONCELLO DE OLEIROS NA RECTA FINAL DOS PASEOS MARÍTIMOS DA PASAXE E DE MERA ▼

◆ Comezamos os traballos para a realización da segunda fase do proxecto de "Recuperación ambiental da Ría do Burgo no tramo da Pasaxe", valorados en 856.000 euros. Esta nova actuación, que abarca dende a praia de Santa Cristina ata a Ponte da Pasaxe, permitirá a creación dun paseo marítimo entre a zona da Xesteira e o edificio A Fábrica, en Perillo. Así quedará comunicada, polo litoral, a zona de Santa Cristina co ámbito interno da ría, en Beiramar. Ademais, inclúese a colocación dun colector de saneamento pola beira da ría que vai posibilitar a recollida dos verquidos de varios bombeos existentes e envialos ó novo bombeo da Pasaxe.

Logo de solventar dende o consistorio oleirense diversos problemas orixinados pola zona de dominio público do Hábitat e a Ponte Pasaxe, novos atrancos e dificultades pretenden paralizar esta importante actuación no noso litoral. Por iso, o Concello de Oleiros vese obrigado a expropiar os frontes de dúas fincas limítrofes, ubicadas entre o edificio municipal de A Fábrica e a parcela correspondente á Finca Bescansa.

Mentres tanto, as obras que se están a executar no tramo pertencente á 1ª fase - dende a zona de Agramar ata a Ponte da Pasaxe - atópanse xa moi avanzadas, polo que se prevé cumprir cos prazos de execución asinados inicialmente, á espera de que ningún contratempo altere a súa finalización.



LUZ VERDE PARA O PROXECTO DE MERA ►

◆ Co informe favorable da Comisión Provincial de Patrimonio para a execución do proxecto de construción da 2ª fase do Paseo de Mera, redactado polo Concello de Oleiros e entregado á Demarcación de Costas para a súa contratación, o goberno local inicia a recta final desta ambiciosa obra, que dará paso á creación dun paseo marítimo en primeira liña de praia, dende a praza de Miramar ata o bar da praia de Espiñeiro. Esta actuación complementarase con diversos sendeiros naturais na parte traseira do citado areal, grazas á adquisición municipal de diversos terreos. Tamén está previsto que a zona dispoña de dúas amplas pasarelas e unha rampla de acceso con estruturas de madeira, para maior integración no entorno.

Así esperamos ver cumprido axiña o soño de moitos veciños do Concello que ansían ver rematado o Paseo Marítimo de Mera na súa totalidade, no que tantas trabas e obstáculos tivemos que afrontar ó longo de máis de 8 anos.



◀ REMATADO O NOVO ACCESO Á CALA DE CANIDE

◆ Xa está rematado o novo acceso peonil á cala de Canide, situada nas inmediacións da praia de Mera. Trátase dun recuncho natural ó que, ata o de agora, resultaba imposible acceder con pleamar. As obras levadas a cabo, con cargo á urbanización Punta Canide, consistiron na elaboración dunha escalinata de madeira, integrada e respectuosa co entorno natural, ademais da recuperación de diversos sendeiros costeiros que discorren pola beira do litoral. Deste xeito, recuperouse unha zona de gran valor e riqueza paisaxística permitindo a consecución dun novo espazo público habilitado para o disfrute e o descanso de todos os veciños e veraneantes.

O GOBERNO REALIZA OBRAS DE MELLORA NAS ZONAS DE XOGO DOS PARQUES INFANTÍS DE OLEIROS

■ O Concello de Oleiros realizou un estudo sobre o estado dos 48 parques infantís existentes no termo municipal, do que se desprende un resultado moi favorable tras constatar o bo estado de conservación da inmensa maioría, cunha ampla dotación de xogos e outros servizos complementarios.



◆ Aínda que o mobiliario lúdico e recreativo non presenta risco algún para os máis cativos, o goberno municipal decidiu acometer diversas actuacións para a mellora e renovación dalgúns deles coa finalidade de ofrecer unha prestación acorde ás necesidades e demandas actuais. Ata o de agora xa se realizaron varias actuacións, entre as que destacan a colocación dun novo pavimento, máis axeitado, sobre as áreas de recreo infantil dos parques Nicolás Redondo e de Os Regos. Tamén se construíron novos emprazamentos para os máis cativos na Lagoa e na praza da Badía, en Mera (Maianca).

Na actualidade, o consistorio está procedendo á colocación dun xogo infantil na zona verde do parque da urbanización As Toxeiras, ademais doutro, para nenos maiores, no parque da Praza dos Areeiros, ambos fabricados integramente no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo".

Para a execución destas obras de mellora, a Xunta de Galicia, grazas a un convenio asinado coa Vicepresidencia, aporta a cantidade de 12.000 euros, cifra moi insuficiente dado o elevado número de parques infantís existentes no municipio e as necesidades de mantemento e conservación derivadas dos mesmos.

Recuperación de fontes

de Arenaza, o paseo da ría de Santa Cristina ou a do paseo de Bastiaqueiro. Do mesmo xeito, leváronse a cabo outras actuacións no parque dos Regos e na praza da Rabadeira, entre outras.

As novas fontes de auga potable, para consumo e servizo público, instaláronse no parque do ámbito Residencial Montrove, en Lamastelle e no do Vieiro (Seixal-Nos).

◆ Outro dos proxectos executados recentemente polo goberno local foi o de reparación e nova instalación de fontes-bebedoiro no entorno dos parques infantís, alcanzando unha inversión de 24.000 euros. Xa foron reparadas moitas que non funcionaban correctamente, como as do parque



Punto Limpo, un servizo público e gratuíto de uso obrigatorio para todos

◆ Pese a que xa leva varios anos funcionando, aínda son moitos os cidadáns que por descoñecemento ou falla de conciencia social non fan uso do Punto Limpo de Oleiros, situado nas inmediacións de Fonte Douro, na rúa que une as parroquias de Santa María e Iñás. Por iso, dende o goberno municipal recórdase a todos os veciños a necesidade e importancia de empregar correctamente este servizo público gratuíto de gran utilidade para todos e con enormes beneficios sobre o medio ambiente.

Coa súa utilización conseguiremos frear a constante degradación sobre o entorno, da que nós somos culpables cada vez que depositamos na vía pública os residuos, asimilables e urbanos, que non teñen cabida nos contenedores tradicionais situados en todas as rúas do municipio. Este é o caso de materiais de gran volume, electrodomésticos, colchóns, mobles e outros enseres de maior capacidade que, unha vez abandonados en estradas ou fincas, só contribúen a un deterioro paulatino do entorno provocando graves consecuencias sobre o medio natural, entre as que destacan a contaminación ambiental e o feísmo de espazos públicos, patrimonio dos oleirenses.

Estas condutas irresponsables non só resultan inadmisibles se temos en conta a existencia e gratuidade do Punto Limpo, senón que ademais poderán ser susceptibles de sanción naqueles casos reincidentes no incumprimento ou omisión da normativa vixente reguladora. Pero para elo, é precisa, unha vez máis, a colaboración cidadán na localización e denuncia dos posibles infractores.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

■ HORARIOS: De luns a venres, de 09:30 a 13:00 h./ De 15:30 a 19:00 horas • Sábados: De 09:00 a 14:00 horas

CONTRATADO O PROXECTO DE MELLORA DA SINALIZACIÓN VIARIA DE OLEIROS ▼

◆ O progresivo deterioro que afecta ó pintado horizontal dalgunhas rúas oleirenses levou ó goberno municipal a contratar, por un importe de 55.000 euros, un proxecto de mellora da sinalización viaria, que consistirá no repintado, principalmente, dos pasos de peóns e doutros indicadores no pavimento, en diversas localidades do concello, na actualidade desgastados polo paso do tempo. Ademais, levaranse a cabo diversos traballos de reordenación do tráfico e implantación de bandas reductoras de velocidade nalgunhas das principais vías locais para garantir unha condución máis cómoda e segura e maior respecto ós peóns.

Algunhas das máis destacadas son as seguintes:

- Bandas reductoras de velocidade en diversas rúas do concello. Melloras, substitucións e novas instalacións en: R/ Manuel Murguía, Avenida Valle Inclán. Eliminación de tacos na R/do Mar.
- Reordenación do tráfico: zona Praza do Inglés, R/ da Ribeira, núcleo de O Seixal (Rúas Lameiro, Veiga e Avda. Salvador Allende), R/ Afrodita e rúa dos Prados.
- Melloras na sinalización en: Urbanización Montrove, inmediacións Pazo do Río, Santa Cristina, R/ Salvador de Madariaga, R/das Ánimas e varios tramos da Avenida E. Che Guevara.
- Modificación dos sinais de aparcadoiros na rúa Afrodita.



AS TÚAS NOVAS BEIRARRÚAS ▼

◆ Grazas á colaboración dos veciños e dos propietarios das fincas, o concello continuará adiante co plan municipal de construción de beirarrúas coa única pretensión de dotar ó municipio de zonas habilitadas para o tránsito seguro dos peóns polas diferentes estradas de Oleiros. Nos vindeiros meses, algunhas das actuacións máis necesarias e demandadas que se van levar a cabo ubícanse en:

■ Avenida Concepción Arenal (zona casas baratas), en Santa Cruz.

Continuar coa sección de andén, zona verde, carril bici e anden peonil no tramo comprendido entre a urbanización O Muiño e a rúa Nébeda. O importe da obra é de 59.344 euros. Inclúe un paso de peóns de cruce da avenida Concepción Arenal, moi reclamado polos veciños de Sta. Cruz.

■ Beirarrúas Igrexa de Dorneda-Santa Cruz (2ª fase) pola avenida República Argentina.

Comprende o tramo entre o cruce coa rúa Río do Couto e a Igrexa de Dorneda contemplando a construción de andén, zona verde, carril bici e senda peonil. O importe ronda os 300.000 euros.

■ Beirarrúas na avenida Valle Inclán-Perillo (en contratación)

Tramo comprendido entre o cruce coa rúa Lagarteiras e o cruce coa rúa do Romeu.

■ Beirarrúas na urbanización da península de Canide - Maianca (en contratación)

Pavimentación das beirarrúas nas transversais que quedaron en solocemento e están deterioradas.

■ Renovación da beirarrúa na avenida Francisca Herrera - Oleiros.

Entre a Casa Charry e o colexio da Rabadeira pola marxe dereita, baixando. Inclúe a renovación de infraestruturas de pluviais e saneamento, ademais da mellora do parque Rigoberta Menchú.

■ Beirarrúas na rúa Leticia - Oleiros.

Construiranse por ambas marxes desde a Avda. Ramón Núñez Montero ata a República do Uruguai.

Obras de mellora e pavimentación en rúas e estradas:

● De titularidade municipal:

- Perimetrais ó parque Nicolás Redondo en Rialta - Arillo.
- Urbanización Pía de Maianca.
- Pinar do Río, en Serantes.

● De titularidade autonómica:

- Rúa Leticia e rúa Eugenio Pardo Conchado en Oleiros.
- Arillo-Oleiros (AC-181), Avda. República do Uruguai, en contratación. Inclúe reparación do firme a construción dunha senda peonil entre Xaz e Pousada. Importe de 844.392,49 euros e prazo de execución de 6 meses. Aquí, o goberno municipal solicita, aproveitando as obras de mellora, a creación dunha rotonda na intersección desta vía coa de Meirás ó Porto de Santa Cruz, por tratarse dun punto negro para a circulación.
- Espírito Santo-Oleiros (AC-182), rúa das Torres e vía principal de entrada á capital municipal dende a N-VI. Acondicionamento de toda a calzada cun importe de 243.251,17 euros e un prazo de 4 meses.



■ Estrada autonómica Arillo - Oleiros, en moi mal estado

GOBERNO E VECIÑOS REVISARÁN O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA N-VI ▼

■ O Ministerio de Fomento ten previsto acometer as obras de ampliación da N-VI dende O Seixal ata Iñás. Unha das actuacións contempladas neste proxecto consiste na necesidade de incrementar os carrís de circulación, afectando a diversas propiedades de veciños da parroquia de Nos, especialmente na zona de Mesón da Auga e de O Carballo.

◆ O primeiro avance presentado polos responsables do Ministerio ó Concello de Oleiros foi desestimado por carecer das conexións necesarias para comunicar ambas marxes da estrada, illando así os núcleos de poboación ó contemplarse, ademais, a colocación dun seto de separación no medio da nacional, dende o Seixal ata Iñás. Asimesmo, os nós de conexión cos viais de acceso dende a N-VI ou os de futura construción, como o cruce de O Carballo cara Sada ou o novo enlace entre a estrada de Montrove e a nacional, atopábanse mal regulados.



O consistorio tamén solicitou que se replantexe a opción de proceder á ampliación do vial sobre unha única banda, coa finalidade de prexudicar o menos posible ós residentes das localidades de Mesón da Auga e O Carballo.

Cando o Ministerio de Fomento entregue o novo documento, o goberno local ten previsto manter unha reunión coa Asociación de Veciños Os Rueiros, de Nos, así como diversos encontros cos veciños afectados para amosar e comentar o seu contido, agardando un resultado favorable e positivo para todos.

A FALTA DE CIVISMO ORIXINA PROBLEMAS NA REDE DE PLUVIAIS ▼

■ As continuas chuvias rexistradas en Galicia nos últimos meses, causando abundantes inundacións nas rúas, desbordamentos de ríos e pobos anegados, tamén deixaron pequenas pegadas no Concello de Oleiros, aínda que, a diferenza doutros casos, nada tiveron que ver coa carencia de infraestruturas para a recollida de pluviais, posto que a orixe dos nosos problemas é moi distinta.

◆ No consistorio oleirense son, desgrazadamente, moitos os cidadáns que, xunto con algúns promotores, amosan ter unha falta de conciencia e responsabilidade civil, conectando, unha vez rematadas as súas vivendas a rede de pluviais das fincas e urbanizacións á de augas fecais para evitar o pagamento de cotas maiores.

Este tipo de accións incívicas e irrespectuosas co entorno derivan nun desbordamento da rede de fecais provocando, por outra banda, un inmenso gasto orixinado pola gran cantidade de auga que se traslada

ata a estación depuradora de A Coruña, a través dos 35 bombeos existentes no municipio. Mentres, a rede de pluviais permanece infrautilizada, caendo, nalgúns casos, en desuso.

Dende o goberno municipal apélase ó civismo de todos os cidadáns para erradicar este tipo de comportamentos coa finalidade de evitar emprender medidas correctoras e sancionadoras contra os que sigan a cometer estas actuacións tan perxudiciais para o resto da poboación.



SE TES CAN, TES OBRIGAS

▶ Non esquezas a bolsa e a correa na casa

É POLO BEN DE TODOS. RESPECTA AS NORMAS

REINICIADAS AS OBRAS DE BEIRARRÚAS NA AVENIDA VENEZUELA

◆ Con dous anos de retraso e logo dun sinfín de trabas, denuncias e negativas por parte dalgúns propietarios de fincas e residentes, que no seu día impediron a continuidade das obras de construción en diversas zonas do municipio – Avenida Venezuela, Xoez e Rúa Valle Inclán-, o Concello de Oleiros está a acometer as citadas actuacións, como non podía ser doutro xeito, tendo que recorrer para elo ó sistema de expropiación.

Coa ultimación destas obras darase continuidade ás beirarrúas interrompidas para garantir así a seguridade dos centos de cidadáns que diariamente circulan por elas.

É de lamentar que actuacións incívicas alentadas polo PP, e carentes de toda responsabilidade, aínda que afortunadamente illadas, lograran dilatar a vontade dun amplo sector da sociedade nun asunto de tan vital importancia e transcendencia para o conxunto dos veciños de Oleiros. Pola súa banda, o goberno municipal sempre estivo, e estará, aberto ó diálogo, como se demostra e recolle nos centos de actas asinadas cos propietarios de fincas afectadas pola execución deste tipo de actuacións. De feito, grazas ó apoio e colaboración veciñal na realización destas obras públicas posibilitouse a construción de máis de 23 quilómetros de beirarrúas tan só nos últimos tres anos.



■ Estado da rúa antes de comezar a construción das beirarrúas



■ Situación actual coa execución



O NOVO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NA RÚA DARWIN INCREMENTARÁ A OFERTA DE ESTACIONAMENTO PÚBLICO EN SANTA CRISTINA

◆ Rematadas as obras de urbanización nas inmediacións da praza Darwin, situada na localidade de Santa Cristina, un novo aparcadoiro público entrará en funcionamento nos vindeiros meses para cubrir a ampla e incesante demanda de estacionamento nesta zona, unha das máis visitadas diariamente pola intensa actividade hosteieira que rexistra. Situado nos baixos da nova construción, dispón dunha capacidade para 100 vehículos, polo que se espera contribuír así a subsanar a falta de espazo na vía pública, que está a converterse nun dos principais problemas da sociedade actual.

Os accesos ó interior das novas instalacións será a través da rúa Darwin para os automobilistas, mentres que os peóns terán saída directa ó parque Fonte Leocadia, situado na vía co mesmo nome, fronte á rúa Humboldt.

Con este xa son tres os aparcamentos públicos subterráneos dispoñibles na localidade de Santa Cristina, xunto co habilitado nos baixos da praza situada na rúa do Inglés, xa en funcionamento, e o localizado debaixo do edificio da boleira, en plena avenida de Santa Cristina. En total, son 290 os aparcadoiros que prestarán servizo na zona coa finalidade de paliar o déficit existente.



■ O aparcadoiro público, con capacidade para 100 vehículos, disporá de varios accesos para os usuarios

A RECONVERSIÓN DO MAXI E O PORTOCOBO

◆ Dúas instalacións hoteleiras, emblemáticas e históricas, ubicadas na localidade oleirense de Santa Cruz foron vendidas polos seus respectivos propietarios a novos empresarios que procederán á súa restauración e adecuación para a prestación, novamente, de usos hostaleiros e turísticos.

No caso do Hotel Portocobo está previsto levar a cabo unha notable reforma, especialmente no seu interior, para adaptala a novos fins, máis acordes cos tempos actuais e coas necesidades da poboación. Así, os novos donos pretenden acometer un cambio de categoría do establecemento e a creación dun centro de talasoterapia para o tratamento de enfermidades terapéuticas, mediante a utilización dos recursos mariños e das propiedades da auga. Sen dúbida, estamos ante unha reconversión integral do coñecido hotel, que pasará a cubrir un baleiro, ata o de agora existente no concello, contribuíndo a incrementar a oferta de servizos públicos relacionados coa saúde e o descanso, tan demandados nos nosos días.

Pola súa banda, o mítico restaurante Maxi, emprazado a carón da praia de Santa Cruz, tamén sufrirá unha importante reforma, aínda que seguirá acollendo no seu interior os servizos que xa viña ofrecendo ata a actualidade, só que cunha mellora de categoría que, a bo seguro, lle outorgará un aspecto renovado e máis actual.



COMEZAN AS OBRAS DO AUDITORIO DE BASTIAGUEIRO

◆ O auditorio municipal de Bastiagueiro comezará a coller forma en breve. As obras de construción, que terán unha duración de 18 meses, iniciaránse a finais do mes de xaneiro, logo de resolver o entramado administrativo e superar un sinfín de trabas políticas e burocráticas.

Por outra banda, o concello ven de acadar, mediante un convenio urbanístico, 9.800 metros cadrados anexos para destinalos á creación de accesos, zonas verdes e aparcamentos públicos. Esta superficie engádesse ós 21.000 metros cedidos pola Deputación Provincial de A Coruña para a ubicación do novo complexo municipal de uso social e cultural co que se poderá dar cobertura á incesante demanda dos oleirenses.


O PXOM: Á ESPERA DO DICTAME DE MEDIO AMBIENTE

◆ Unha nova normativa europea en materia medioambiental, aplicada dende o pasado 21 de xullo, obriga á totalidade dos concellos do Estado español á readaptación dos seus planeamentos para axustalos á mesma. No entanto, esta directriz lexislativa provocou unha interrupción, co conseguinte retraso, no cumprimento dos prazos estipulados para a aprobación definitiva do novo plan xeral do Concello de Oleiros.

Na actualidade, o consistorio permanece á espera, agardando que a Consellería de Medio Ambiente emita un dictame sobre o documento urbanístico municipal para poder obter vía libre á aprobación definitiva do mesmo, o que suporía para Oleiros a consecución do terceiro plan de ordenación do territorio, xa que, polo demais, conta con todos os informes preceptivos correspondentes emitidos polas diferentes administracións públicas implicadas, tanto a nivel autonómico como estatal.

O prazo máximo establecido para dar resposta a este novo trámite rematará o vindeiro mes de febreiro.

OLEIROS PROGRAMA NOVAS ACTUACIÓNS DE MELLORA EN DIFERENTES URBANIZACIÓNS E RÚAS DO MUNICIPIO



■ Paseo de Agramar



■ Entrada á urbanización Os Regos



■ Icaria 1

■ O Goberno municipal de Oleiros está a traballar na elaboración dun proxecto orientado á realización de novas melloras en diversos parques, zonas verdes, paseos, prazas e urbanizacións distribuídas polo termo municipal. As actuacións proxectadas contemplan a execución de obras de pavimentación, xardinería, mellora do mobiliario urbano, implantación de arbolado e outras medidas salientables para a reposición de elementos e materiais deteriorados polo uso e o paso do tempo para que continúen a prestar un servizo público de calidade ós veciños de Oleiros.

◆ A continuación, relacionase un avance dos traballos que está previsto acometer, aínda que dende o goberno se segue a estudar a incorporación de novos ámbitos de actuación sobre os que tamén se efectuarán obras de mellora:

■ **Reposición do pavimento** de sendeiros e diversos traballos de xardinería ademais da reparación de alcorques, beirarrúas e melloras no mobiliario urbano nos parques e paseos de Agramar e Beirmar.

■ **Restitución de arbolado, recollida de augas pluviais e recuperación de sendas naturais** no parque de As Toxeiras.


■ **Melloras no sistema de drenaxe** nos parques Luis Seoane, Nicolás Redondo e na urbanización Os Regos, ante a aparición de pequenas charcas derivadas dun problema na evacuación das augas pluviais, que fai inutilizables algunhas zonas destes parques durante o inverno.

■ **Pavimentación de rúas** na urbanización Icaria I; na Parroquia de Nos, onde pavimentarase a rúa Xosé Chas García e a rúa O Valiño; na urbanización de Os Regos, onde tamén se ampliará o cruce da entrada principal e se habilitará un novo acceso independente ó campo de fútbol.

■ **Mellora dos camiños peonís e beirarrúas** na urbanización de Os Regos e no parque Rigoberta Menchú en Oleiros, onde tamén se procederá á reparación dos alcorques e optimización do mobiliario urbano.




■ **Obras de renovación e reposición de materiais nos parques** infantís de Lamastelle, Romardeiro e Parque Luis Seoane.

O PP DE OLEIROS APROBOU, NUN PLENO NO 2003, A MODIFICACIÓN DO CAUCE DO RÍO DE IÑÁS LINDANTE COA FINCA DO ALCALDE



■ O Partido Popular de Oleiros e os que o secundan con denuncias gratuítas ante os medios de comunicación e diante do Ministerio de Medio Ambiente coa única finalidade de difamar ó alcalde, MINTEN ó afirmar que o rexedor local modificou o regato que discorre dende o Condús ata o río de Iñas para liberar a súa finca do citado cauce.

Unha vez máis amosamos a falsidade e a maldade que sempre protagonizan as súas acusacións, como queda constancia coa aportación dos seguintes documentos.



■ PLANO DO PLAN PARCIAL

◆ O discurso do regato foi modificado en todo o traxecto comprendido no Polígono Industrial de Iñas, dado que se trataba de zonas onde se atopaba entubado e cheo de maleza, co único obxectivo de abrir unha nova canle a ceo aberto ubicándoo nas cotas máis baixas para evitar así posibles inundacións.

No enlace coa estrada de Iñas a Oleiros, dito proxecto contemplaba o dimensionamento da sección dos tubos existentes por outros máis grandes que lindaban, ó outro extremo, coa parcela propiedade do Alcalde de Oleiros.

Esta actuación foi aprobada, por unanimidade de todos os grupos políticos, nun pleno da corporación, con data 30 de xuño de 2003, cos votos favorables de PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños. Asímismo, tamén contou co correspondente visto bo do Ministerio de Medio Ambiente e da Consellería de Obras Públicas.

◀ **¡CÓLLESE ANTES A UN MENTIROSO QUE A UN COXO!**

¡NON TE DURMAS! ARRINCA OUTRA EDICIÓN DE OCIOLEIROS E XOVEOLEIROS CON NOVIDADES PARA TODAS AS IDADES ▼


■ Para moitos oleirenses o inicio dun novo ano trae consigo o pistoletazo de saída dun dos programas culturais municipais máis esperados. Sen dúbida, estamos a falar de *Ocioleiros e Xoveoleiros*, unha iniciativa que vai xa pola sexta edición conxugando á perfección diversión, entretemento, aprendizaxe, convivencia e un sinfín de novas experiencias. Baixo o lema *Non te Durmas dará comezo*, en breve, a programación prevista para o 2007 con atractivas novidades para todas as idades que se mesturan con outras máis clásicas, pero agardadas con gran expectación, como os sorteos finais de varias viaxes entre os participantes das diferentes modalidades, en recoñecemento á súa constancia e asistencia durante a celebración das actividades.

◆ A Illa de Cuba e os Perineos foron os destinos elixidos polos afortunados participantes da pasada edición dos que, a bo seguro, máis dun tentará volver a repetir a mesma sorte.

Ó igual que en anos anteriores, a elaboración da programación faise en función das idades dos participantes nun intento por acadar unha correcta adecuación ás necesidades e demandas de cadaquén. Así, para os máis novos, integrados en *Ocioleiros*, de 14 a 17 anos, o consistorio oleirense compaxinará as xa coñecidas danzas actuais, capoeira, pintura ou percusión con outras novidades entre as que destacan a iniciación á escalada deportiva en rocódromo ou o break-dance. Os de 18 a 35 anos, tamén incluídos en *Ocioleiros*, compartirán algunhas destas materias coas clases de baile moderno e de salón, fotografía dixital, actividades deportivas, cociña ou bricolaxe, en resposta ás demandas existentes.

Pilates, capoeira e tamén o bricolaxe son algunhas das incorporacións máis significativas previstas para poñer en marcha no grupo dos máis veteranos, os integrantes de *Xoveoleiros*, de 36 a 60 anos. Ademais, disporán de cursos de informática, relaxación, bádminton, natación, cociña e moitos máis.

Agora, tan só queda esperar ó inicio das actividades para disfrutar aprendendo na compañía de amigos e veciños. E sorte para o premio final.



■ Viaxe ós Perineos dos gañadores do sorteo de *Ocioleiros* da pasada edición.

XA ESTÁ AQUÍ A NOVA TEMPADA TEATRAL ▼

◆ O Departamento de Cultura de Oleiros xa ten organizada a programación teatral, en colaboración co IGAEM, prevista para a primeira metade do ano. Consulta o seguinte calendario e non perdas a oportunidade de presenciar en vivo algunhas das obras máis destacadas do panorama galego actual da man das principais compañías do noso país. Todas as representacións terán lugar no auditorio municipal "Gabriel García Márquez", de Mera, a partires das 20:30 horas.

DATA	GRUPO	OBRA
● 20/01/07	Teatro de Ningures	Misericordia
● 3/02/07	A Factoría Teatro	Os homes só contan ata tres
● 10/03/07	Fulano, Mengano e Citano	Arte
● 31/03/07	Lagarta, Lagarta	As derradeiras lúas
● 14/04/07	Tanttaka Teatroa	El florido pensil



CURSO DE TEATRO PARA AFICIONADOS

◆ Pero si non te conformas con ser un mero espectador e queres dar o salto ó escenario non tes máis que porte en contacto co Departamento municipal de Cultura para informarte do novo curso de teatro que se impartirá durante os meses de febreiro a xuño no Teatro de "As Torres", de Santa Cruz.

Pablo Sánchez e Carlos Sante, integrantes da Compañía Teatral **San & San**, serán os encargados de impartir as clases, só para maiores de dezoito anos, que terán lugar os luns e martes, en horario de 18:00 a 20:00 horas. Para máis información e inscricións chama xa ao teléfono 981 610 000 ou a través do enderezo electrónico: cultura@oleiros.org

NOVAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA OS ALUMNOS DE SECUNDARIA ▼

■ Dende o Servizo municipal de Deportes do Concello de Oleiros estase a levar a cabo unha intensa actividade deportiva para o fomento e promoción da incipiente canteira que, dende hai anos, está aflorando no municipio acadando importantes logros a nivel autonómico e tamén nacional. Un dos principais viveiros que nutren ás entidades e clubs profesionais de futuras promesas e deportistas con madeira de campións son as escolas deportivas municipais, únicas culpables da consolidación dunha práctica física diaria entre os máis cativos inculcando novas técnicas e valores, mediante o factor lúdico e a implantación de valores e hábitos saudables.

◆ As xa consolidadas escolas de balonmán, integradas por 68 rapaces con idades comprendidas entre os 6 e os 17 anos, e de natación escolar, con 423 alumnos de infantil e primaria dos colexios públicos do municipio, súmanse, por primeira vez, as escolas deportivas municipais para o alumnado dos centros de ensino secundario de Oleiros.

Esta iniciativa, dirixida a mozos de 12 a 17 anos, xorde dunha preocupación institucional derivada do elevado incremento da obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo e das dificultades presentes na mocidade para realizar algunhas actividades físicas con asiduidade.


Os interesados en participar nas actividades ofertadas poderán inscribirse no Servizo Municipal de Deportes, sito no centro cultural de A Fábrica. O prazo de matrícula permanecerá aberto de xeito permanente e cadaquén poderá anotarse nun máximo de tres actividades.

Para maior comodidade dos alumnos, o concello habilitará un servizo de transporte gratuito que percorrerá, simultaneamente, as localidades da zona norte e sur do termo municipal ata as instalacións deportivas do INEF-Galicia e o pavillón de Bastiagueiro, onde se desenvolverán todas as disciplinas a impartir ata o vindeiro 30 de maio.

Deportes acuáticos e de aventura no programa complementario de educación física ▼

◆ Neste mes o Servizo de Deportes pon en marcha, por quinto ano consecutivo, o **programa complementario de educación física**, para os centros de ensino públicos de Oleiros, destinado a complementar e enriquecer as sinaturas impartidas dende os colexios, ás veces insuficientes pola carencia de recursos e infraestruturas. Deste xeito, posibilitase unha formación máis axeitada e completa dando a coñecer as instalacións e actividades que o concello ten a disposición da comunidade escolar e veciñal.

Natación (piscina de Perillo), escalada deportiva (pav. Canide), kaiak de mar, surf e body-board (náutico de Bastiagueiro), remo (Fábrica), rafting e hockey son algunhas das actividades programadas para o novo curso que comeza e no que o Concello de Oleiros financia a totalidade dos custes, tanto do profesorado especializado como do transporte habilitado.



NON TE ESQUEZAS DAS LIGAS MUNICIPAIS

■ **Segunda edición da Liga Municipal de Fútbol-Sá.** Un total de dezaseis equipos e 178 xogadores están a participar nesta competición, que se disputa diariamente nos polideportivos municipais de Santa Cruz e Canide.

■ **Liga Escolar de Judo Concello de Oleiros.** Dende o pasado mes os rapaces, menores de 13 anos, que practican judo nas diferentes casas do pobo, como as de Perillo, Dorneda, Santa Cruz e Mera xunto co colexio de A Rabadeira, teñen unha cita coa competición a nivel local, na que equipos de catro judokas realizan diversos combates en cada xornada para, finalmente, disputar o play-off final, que se celebrará o vindeiro mes de marzo.

77 NOVAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA OS VECIÑOS DE OLEIROS ▼

■ O Concello de Oleiros conta con novas promocións de vivendas de protección autonómica de prezo xeral para todos os oleirenses que, cumprindo cos requisitos establecidos pola Xunta de Galicia, desexen acceder a unha vivenda en propiedade cunhas condicións económicas moi favorables e axeitadas, especialmente, para aquelas persoas con menos recursos e dispoñibilidade.

◆ Ata o vindeiro día 23 permanecerá aberto o prazo de solicitude para optar a unha das 77 vivendas ofertadas, das que 33 construíranse nunha parcela municipal situada no lugar de O Seixal (Nos), 26 na zona da Fonte da Barreira (Perillo) e 18 na localidade de Canide (Maianca). As parcelas sobre as que se asentarán as novas edificacións foron subastadas polo consistorio oleirense para este fin quedando condicionado o seu destino a veciños de Oleiros, por decisión do goberno local, polo que **esíxese estar empadroado no municipio cunha antigüidade mínima ininterrompida de tres anos.**

■ OUTROS REQUISITOS

- Ter cumpridos 18 anos.
- Non ser titular de ningunha vivenda en todo o territorio nacional
- Haber tido uns ingresos no 2005 non inferiores a 0,7 veces o IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples) nin superiores a 5,5 veces o IPREM.

■ PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- O período habilitado é dun mes dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), rematando así o día 23.
- As solicitudes presentaranse no modelo oficial, xuntando a documentación esixida, no rexistro xeral do Concello, sito na casa Consistorial (Praza de Galicia, 1, 15173 - Oleiros) en horario de atención ó público (de 8:30 h a 13:00 horas).
- Para máis información, os interesados poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais, ubicado na planta baixa, onde serán atendidos por unha traballadora social de Vivendas de Protección Autonómica. Tamén se pode chamar ó 981/610 000 ou consultar na web municipal: www.oleiros.org

■ A DOCUMENTACIÓN

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade maiores de 18 anos xunto coa fotocopia do libro de familia.
- Empadramento, que se solicitará de forma interna.
- Un certificado do centro de Xestión Catastral e cooperación Tributaria da Delegación do Ministerio de Economía e Facenda que declare se os membros da unidade familiar, maiores de 18 anos, son titulares de bens inmobles no territorio do estado.
- Fotocopia do último exercicio (ano 2005) da Declaración da renda de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos e certificado do mesmo organismo sobre o nivel de renda do mesmo exercicio.
- Se non realiza declaración da renda, presentará certificado de non estar obrigado a realizala, xustificando os seus ingresos con documentos (nóminas, certificado pensión,..)
- No suposto de persoas separadas ou divorciadas, presentarán resolución xudicial.



■ O Seixal (Nos)



■ Fonte da Barreira (Perillo)



■ Canide (Maianca)

■ A ADXUDICACIÓN

- A concesión das vivendas, que terán unha superficie máxima de 90 m² con garaxe e trasteiro, realizarase por sorteo público celebrado ante notario.
- Asimesmo, o Concello de Oleiros tamén adxudicará, no vindeiro mes de marzo, varias parcelas municipais que irán destinadas á construción de 92 novas vivendas, das que 86 ubicaranse na localidade de Santa Cruz (Meioxonfrío) e 6 na parroquia de Santa María de Oleiros, detrás do cuartel da Garda Civil.

UNHA GALA PARA OS NOSOS CAMPIÓNS

■ O Concello de Oleiros celebrou a I Gala do Deporte cun gran acto social aberto a todos os profesionais, clubs, entidades e colectivos vencellados co mundo do deporte dentro do termo municipal. Deste xeito, deuse merecido homenaxe a todas as persoas que co seu traballo diario e esforzo constante están a converter a Oleiros nun referente levando o seu nome ata o máis alto dos podios, non só, galegos senón tamén nacionais e internacionais.

◆ Pero a I Gala do Deporte foi, especialmente, un acto de recoñecemento e gratitude para os nosos campións, nunha noite na que cincuenta e tres nomes soaron por todo o alto no auditorio municipal "Gabriel García Márquez", de Mera, brillando coa mesma luz que cada un deles proxecta sobre o seu particular terreo de xogo.

Cada un dos máis dos 400 asistentes ó evento puideron comprobar a boa saúde pola que atravesa o deporte oleirense e a importante labor desempeñada polos clubs e entidades, así como polo consistorio, para o fomento e a consolidación do deporte de base. Feito que converte xa a Oleiros nunha das máis importantes canteiras da provincia con recoñecidos profesionais e destacadas promesas en numerosas modalidades deportivas que abranguen dende a ximnasia rítmica ata o patinaxe de velocidade, e dos deportes acuáticos ó karate.

Durante algo máis dunha hora subiron ó escenario do auditorio mozos e mozas oleirenses convertidos en primeiras figuras do panorama deportivo dentro das súas respectivas especialidades. Houbo premios individuais e colectivos para todos os que, nos dous últimos anos, obtiveron postos destacados vendo así recompensados os centos de horas de entrenamiento e a inesgotable constancia e vitalidade depositadas tempada tras tempada. A nosa gratitude quedou plasmada na entrega dun trofeo conmemorativo do acto, elaborado por unha recoñecida oleira, consistente nunha figura de barro que evoca o longo camiño percorrido ata chegar ó podio final.

Finalmente, o Alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, destacou a labor desempeñada polas entidades e os clubs locais na promoción e fomento dos nosos deportistas.



DEPORTISTAS E CLUBS QUE OBTIVERON TÍTULOS DE CAMPIÓNS GALEGOS

- 1: **Antonio Casal Rey**, Campión galego de *tiro con carabina*.
- 2: **Pablo Vasallo**, Campión galego Infantil 2005 e subcampión galego cadete no 2006 de *Patinaxe artístico*, co Club Patinaxe Oleiros.
- 3: **Rebeca Cano Ruiz**, Campiona galega infantil en *Judo* no 2005, co Judo Club Oleiros.
- 4: **Antía Rodríguez Sánchez**, Campiona galega de *Natación* en 100m. e 200 braza.
- 5: **David Garrido Conchado, Adriá Suárez Herrero e Manuel Antonio Garrido Conchado**, Campións galegos absolutos de 5000 m. relevos en *patinaxe de velocidade*, co Club Patín Rabadeira. **Lucía Poyán Alonso, Rocío Souto García e Ana Seijo Fernández**, Campionas galegas absolutas de 5000 m. relevos en *patinaxe de velocidade*, co Club Patín Rabadeira.
- 6: **Alén Soler Beira**, Campión galego alevín de *Tiro con Arco*.
- 7: **Equipo Infantil do C. Balonmán Oleiros**: Subcampión galego clasificado para a fase final do Cto. de España 2006. **Héctor, Xandro, Pepe, Flavi, Pedro, Sergio, Bruno, Arán, Marcos, David, Jean, Dani e Miguel**.
- 8: **Club de Ximnasia Acordes**; Campión Galego de Ximnasia Rítmica 2006, equipos integrados polas seguintes deportistas oleirenses: *Alevín: Irene e Natalia - Infantil: Rebeca, Leticia e Inés - Junior: Angela, Patricia e Silvia*.
- 9: **Olaya Cea**, Campiona galega Alevín en *Tenis de Mesa*.

DEPORTISTAS QUE OBTIVERON RESULTADOS IMPORTANTES EN CTOS. de ESPAÑA, CTOS. de EUROPA E CTOS. do MUNDO

- 10: **Borja Sánchez Vázquez e David García Rielo**, Medalla de Bronce no Campionato de España de *Remo Olímpico*, modalidade de Dous sen Timoeiro categoría cadete.
- 11: **Cibrán Tenreiro Uzal**, Subcampión de España de *Marcha Atlética* por autonomías.
- 12: **José Manuel Bao**, Subcampión de España de *100 m. lisos*, en categoría veterano.
- 13: **Manuel Anxo Martínez** Subcampión de España de *Yawara Jitsu* (arte marcial de defensa persoal).
- 14: **Escola de Remo**. Subcampionas de España de *bateis sénior* Feminino: **María, Estela, Angeles, Juliana e Lucía**. Subcampionas de España de *bateis infantil/cadete* Feminino: **Esther, Lidia, Marta e Iris**.
- 15: **Juan Carlos Gómez Edreira**, Subcampión de España Sénior en *Patinaxe de velocidade*, modalidade de en 10.000 metros/puntuación.
- 16: **Jorge Dopico**, Campión da Copa do Rei e Copa da Raíña de *Vela* formando parte da tripulación "Movistar".
- 17: **Claudia Calvelo**, Campiona de Europa sub16 coa selección española de *baloncesto*.
- 18: **Eva Castro**: Medalla de Bronce no Cto. Europa e Campiona España Four Cross (*Bicicleta de monte*).
- 19: **Javier Reigada**, Campión do mundo de *Karate* nos xogos mundiais de policías e bombeiros.
- 20: **Javier Martínez Rodríguez**, Subcampión de España de *natación* 2006 e medalla de bronce no campionato de España do 2005.

O CONCELLO DE OLEIROS DESTINA 231.515 EUROS PARA AS ENTIDADES LOCAIS ▼

■ *O Organismo Autónomo Municipal de Cultura (O.A.M.C.) aprobou, por unanimidade, a proposta do goberno local para a concesión de subvencións a entidades, sen ánimo de lucro, existentes no Concello de Oleiros que, este ano, ascende a 231.515 € (38.5 millóns de pesetas).*

◆ Así, todas as asociacións culturais, deportivas e veciñais, clubs de fútbol e comisións de festas xunto coas APAs e os centros de ensino públicos recibirán, un ano máis, a aportación económica correspondente en función do número de actividades que desenvolve cada unha delas, á marxe dos convenios anuais asinados. Deste xeito, preténdese dar continuidade á política de colaboración municipal no fomento e promoción de iniciativas de diversa índole promovidas polos veciños do termo municipal como principais motores dun proceso de dinamización e movemento cidadán cunha longa traxectoria á súas costas.

Pola súa banda, as subvencións destinadas ás Asociacións de Pais e Nais de Alumnos así como ós centros de ensino complementan os investimentos efectuados polo consistorio para o mantemento e mellora das instalacións e dos programas educativos que neles desenvolvemos ó longo de todo o ano.

■ *Relación de beneficiarios e importes:*

■ APAS E COLEXIOS PÚBLICOS: 127.715 €

- **APAS:** ● A.P.A. BIDUEIRO ● A.P.A. COLEXIO PÚBLICO DE MERA ● A.P.A. EIME DA ESCOLA INFANTIL DE MERA ● A.P.A. COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN ● A.P.A. COLEXIO PÚBLICO RABADEIRA DE OLEIROS ● A.P.A. OS PAZOS DO I.E.S. MARÍA CASARES ● A.P.A. MIGUEL HERNANDEZ DO I.E.S. MIRAFLORES ● ANPA A PARDELA.
- **CENTROS:** C.E.I.P. ISIDRO PARGA PONDAL ● C.E.I.P. RABADEIRA ● C.E.I.P. VALLE INCLAN ● C.E.P. LUÍS SEOANE ● I.E.S. MARÍA CASARES ● I.E.S. MIRAFLORES ● I.E.S. XOSÉ NEIRA VILAS ● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILAR ● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE CIVIDÁNS ● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL ESQUIÓ ● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL O CORGO-DEXO.

■ ASOCIACIÓNS CULTURAIS E CORAIS: 36.185 €

ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADÍA DE SANTA ANA DE MERA ● AGRUPACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL SEMENTE NOVA ● AGRUPACIÓN CULTURAL "A MAROLA" ● AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLIÑAS ● ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS SANTA CRUZ ● CORO DE OLEIROS ● CORAL POLIFÓNICA DE MERA ● ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA ● ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CABANA ● ASPADISOL ● CENTRO CULTURAL E INSTRUCTIVO ● S.C.R. AMIGOS DE LORBÉ ● S.C.R.D. DE DORNEDA ● ASOCIACIÓN CULTURAL CLUB DO PENSIONISTA DE MERA ● OS DECANOS HOGAR MUNICIPAL 3ª EDAD ● ADE SCOUTS DE GALICIA ● SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA ● ASOCIACIÓN DE REDEIRAS DE LORBÉ ● ASOCIACIÓN DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS DE OLEIROS ● A.C.D.R.V. O CASTELO.

■ ASOCIACIÓN DE VECIÑOS: 29.440 €

A.V.V. O HORREO ● A.V.V. DORNA ● A.V.V. OS RUEIROS ● A.V.V. A RIA ● A.V.V. SANTAIA ● A.V.V. SAN ANTÓN ● A.V.V. RIALTA-XOECER ● A.V.V. SAN COSME

■ CLUBES DE FÚTBOL: 21.135 €

CLUB DE FUTBOL SANTA CRUZ ● HÉRCULES S.D.C. ● MARINO DE MERA C.F. ● S.D. MERCURIO DE IÑAS ● CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS ● UNIÓN CAMPESTRE F.C. v CLUB ATLETICO SAN PEDRO ● AC CLUBES DE FÚTBOL DE OLEIROS.

■ OUTRAS ASOCIACIÓN DEPORTIVAS: 9.930 €

CENTRO DEPORTIVO MARIÑEIRO DE MERA ● CLUB BALONCESTO OLEIROS ● CLUB BREGÁN ● OLEIROS ● CLUB DE TENIS MAIANCA ● CLUB MERA, F.S. ● CLUB PATINAJE OLEIROS ● ESCUELADETENISCANABAL.COM ● JUDO CLUB OLEIROS ● UNION DEPORTIVA LIBERTAD ● CLUB CABI ● CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA MONTROVE ● CLUB DE REGATAS DE PERILLO ● CLUB DE CHAVE PEÑA O PELLO DE SANTA CRUZ.

■ COMISIÓNS DE FESTAS: 7.110 €

COMISIÓN DE FESTAS MIRAFLORES OLEIROS ● COMISIÓN DE FIESTAS DEL CARMEN DE LORBE ● A.C.D.R.V. O CARMEN DE MERA ● A.C.D.R.V.P. ROSARIO DE DORNEDA ● C.D.R. SAN XURXO ● COMISIÓN DE FESTAS DO SAN PEDRO ● COMISIÓN DE FESTAS DO CARBALLO

TOTAL: 231.515 € (38,5 millóns, en pesetas)

APROBADAS AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO ISIDRO PARGA PONDAL

◆ O Consello de administración da O.A.M.C. tamén ven de aprobar, cos votos favorables de todos os grupos políticos, agás a abstención do Partido Popular, a Contratación do Programa de Actividades Extraescolares para o colexio Isidro Parga Pondal, de Santa Cruz. Con esta iniciativa, dáse luz verde a un dos proxectos municipais máis importantes e ambiciosos co que o concello pretende asumir a prestación das actividades extraescolares nos centros públicos garantindo a optimización das condicións laborais dos monitores e o desenvolvemento duns contidos educativos axeitados á demanda da comunidade escolar. Os custes de contratación superarán ós 29.000 euros.

EN MARCHA O PRIMEIRO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

◆ Pese á abstención do PP e PSOE, foi aprobado o Regulamento do Consello Escolar Municipal, un órgano no que se integran os centros educativos e o concello co obxectivo de acadar unha única voz e posta en común ante as restantes administracións, obtendo así maior forza e presenza na demanda de novas infraestruturas, servizos ou melloras para os nosos centros públicos.


Este regulamento, que se implanta por primeira vez no municipio, permitirá tamén manter vivo un foro de diálogo permanente entre os alumnos, os profesores, os pais e o concello acadando unha comunicación máis fluída e directa entre todas as partes implicadas.

VIAXAMOS POLA HISTORIA DA MÚSICA E O PATRIMONIO MUNICIPAL DA MAN DAS NOVAS PUBLICACIÓNS INSTITUCIONAIS ▼

■ Dende hai anos o Concello de Oleiros desenvolve unha forte e constante política municipal a favor da difusión e promoción do noso patrimonio. A cultura, o deporte, os servizos públicos, o urbanismo, o medio ambiente, a actividade veciñal protagonizaron, en máis dunha ocasión, moitas das publicacións editadas polo consistorio para achegar ós veciños a realidade do seu municipio, manténdoos informados da riqueza e diversidade existente ó seu redor para o seu coñecemento e disfrute públicos, ademais de ser un dereito recoñecido que asiste a todos os cidadáns.

◆ Nestes primeiros meses do ano, dúas novas publicacións súmanse ó conxunto de libros municipais elaborados polo grupo de goberno para a promoción da nosa historia e testemuña imborrable da nosa existencia.

A danza e a música de Oleiros é a temática sobre a que xira o primeiro libro que acaba de ver a luz hai escasos días e que se está a repartir por todos os fogares oleirenses. **Berce de Artistas** é o título desta publicación na que se realiza unha detallada radiografía de cada unha das agrupacións folclóricas e polifónicas existentes no municipio. As escolas municipais de danza e música tamén teñen o seu espazo neste paseo pola historia que, nalgúns casos, nos traslada ata finais da década dos setenta para coñecer e descubrir os primeiros e tímidos pasos das asociacións con maior tradición. Diferentes estilos musicais, varias xeracións de oleirenses e numerosos protagonistas anónimos conviven ó longo de sesenta e catro páxinas acompañadas de fotografías inéditas e máis dunha curiosidade. Unha invitación á lectura non só para os amantes da música e da danza senón para todos os amantes dun concello que é berce de artistas.



▼ O PATRIMONIO RECUPERADO



■ O Pazo As Cadeas, en plena N-VI convertírase nunha châteaú.

◆ O outro libro, que sairá publicado no vindeiro mes de febreiro, aborda a evolución e o progreso do municipio a través da historia maiúscula dun dos nosos ben naturais máis apreciados e valorados polo consistorio local como proban as interminables xestións municipais levadas a cabo para a súa procura. Estamos a falar do patrimonio arquitectónico civil de Oleiros, adquirido polo goberno local para a súa preservación e posterior recuperación para destino público, xunto co relixioso, onde o consistorio acometeu importantes rehabilitacións para frear a progresiva perda e derrubamento dalgúns dos templos máis significativos do concello.

Un apartado de arquitectura civil, con pazos, quintas e fincas de recreo sucédense nas máis de cen páxinas, con ilustracións actuais a toda cor, xunto con algúns exemplos destacados da labor institucional desempeñada na recuperación de igrexas, capelas e os seus entornos. Asimesmo, o Castelo de Santa Cruz tamén ocupa un lugar destacado polas dificultades engadidas na súa adquisición e as trabas e obstáculos superados para a súa posta a disposición dos oleirenses.

Unha oportunidade única para coñecer en profundidade a historia pasada e interior das máis de vinte localizacións conservadas en pé como testemuñas do noso pasado grazas ó plan de adquisición e restauración de todos os edificios históricos, emblemáticos e singulares emprendido hai máis de dúas décadas polo goberno municipal para convertelos en patrimonio municipal, propiedade de todos, mediante o uso público que moitos deles teñen hoxe en día como centros culturais, veciñais, de ocio, residencias, ...

En ambos casos, o reparto das publicacións será domiciliado e entregado en man. De non atoparse na vivenda, deixarase unha carta explicando onde e como conseguir os libros.

DOCE MESES, UNHA CAUSA ▼

◆ Acompañando á edición deste xornal o Concello de Oleiros fai entrega do novo calendario municipal para o ano 2007. Trátase dunha publicación que vai máis alá dun simple almanaque posto que as fotografías que aparecen ilustrando os doce meses do ano forman parte dunha iniciativa englobada no programa municipal de cooperación internacional como fiel reflexo da política comprometida e solidaria emprendida hai décadas polo goberno municipal, para a defensa e axuda dos pobos máis desfavorecidos. De feito, na parte posterior do mesmo aparecen referenciados algúns dos últimos proxectos cos que estamos a colaborar.

As instantáneas recollidas no calendario son o resultado dunha escolma de imaxes, propiedade da ong Mundo Cooperante e Imágenes Solidarias. Os seus custes irán destinados á realización de proxectos humanitarios de atención á infancia.

Pero este calendario tamén pretende ser unha porta aberta, a través das imaxes e dos seus pensamentos, á reflexión social e ó análise para acadar unha maior concienciación e compromiso, capaces de aportar un pouco de humanidade a tanta destrución, soidade, desolación e pobreza que, día tras día, se apoderan dos máis débiles e inocentes.

ALGUNHAS DAS VOCES MÁIS COMPROMETIDAS NA DEFENSA DAS LIBERDADES VISITARON OLEIROS PARA DEIXAR AS SÚAS TESTEMUÑAS ▼

■ Nos últimos meses Oleiros puxo a súa atenta ollada nas realidades sociais e políticas existentes en diversos países do mundo, incluído o rostro máis escuro e silenciado do noso país. O auditorio municipal de A Fábrica de Perillo foi o escenario elixido para acoller a celebración de varias conferencias destinadas a abordar a problemática pasada e actual que mantén sumidos no medo, no illamento e na pobreza máis absoluta a milleiros de persoas e vítimas inocentes da represión e as dictaduras democráticas.

Eduardo Galeano, escritor comprometido

◆ Falar do escritor e xornalista uruguaio, Eduardo Galeano, é falar dun referente internacional de liberdade e denuncia social, comprometido, libre e independente, que fai do aforismo e do axioma as súas únicas armas para combater a inxustiza e o imperialismo sobre os países latinos.

No seu paso por Oleiros, a súa voz, unha das máis críticas e internacionais de América Latina, falou dos “outros sete pecados capitais” poñendo en dúbida algúns dos estandartes máis sólidos da sociedade actual, como o propio estado de dereito. Tamén aportou datos reveladores e escalofriantes que debuxaron o insignificante valor dunha vida fronte a unha bala. Unha invitación á reflexión e ó análise nun intento desesperado por profundizar no porqué dos grandes males que nos rodean e que, curiosamente, sempre condenan ós mesmos: ós pobres, ás vítimas, ós Nadie, como ben rezaba o título da súa charla, maxistral e clarificante. Asinou libros, fíxose fotos e conversou extensamente cos oleirenses que non quixeron deixar pasar a oportunidade de compartir uns intres cun mestre da verba máis comprometida do século XX.



Rebeca Cervantes, misioneira entregada

◆ Tampouco deixou indiferente a ninguén a misioneira mercedaria, Rebeca Cervantes, que estivo no municipio para achegarnos ó quefacer diario da súa congregación relixiosa, as misioneiras de Bériz, coas que o concello colabora asiduamente a través do programa municipal de cooperación internacional. “Construíndo redes de solidariedade, vida e esperanza”, asegurou poder unir as realidades tan distintas que separan ós mal chamados países de primeira, segunda e terceira categoría, diferenciación tamén presente nos pobos máis desenvolvidos.

Dos seus pensamentos en voz alta, compre quedarse cunha reflexión: “as axudas económicas non son tan necesarias como a formación e a xeración de conciencia social, verdadeiros artifices en calquera proceso de cambio que se prece”. Rebeca Cervantes aproveitou a súa estancia no consistorio para visitar algúns dos puntos máis emblemáticos compartindo unhas horas de traballo cun grupo de redeiras de Lorbé.

Concha Carretero, vítima do franquismo

◆ Con tristeza, dolor e impotencia presenciaron os centos de oleirenses congregados na Fábrica a proxección do documental “Que mi nombre no se borre en la historia”, co que o Concello de Oleiros, por compromiso e débeda histórica, pretendeu render unha merecida homenaxe ós milleiros de vítimas que protagonizaron un dos capítulos máis negros do pasado de España. Este filme narra unha historia real baseada no fusilamento de trece mulleres (trece rosas) na tapia do camposanto do leste de Madrid na madrugada do 5 de agosto de 1939.

Neste acto estivo presente unha das súas protagonistas, testemuña directa do acontecido e amiga persoal dalgunhas das asasinadas, tamén condenada, perseguida e maltratada por defender os seus ideais políticos nunha época na que o franquismo ostentaba o poder enchendo de medo, pánico e mortos o país. Durante a súa conferencia, Concha Carretero deixou detallada constancia das súas experiencias e vivencias máis persoais e dramáticas.



UN CONVENIO COA XUNTA PERMITIRÁ PAGAR MENOS ÓS FUTUROS USUARIOS DO PAZO DE ARENAZA ▼

■ Novamente, as portas do emblemático e singular Pazo de Arenaza volverán a abrirse ó público como residencia permanente e centro de día para persoas maiores, especialmente para as de menos recursos económicos ou con problemas de desorde familiar.

◆ Coa finalidade de reducir os custes para os usuarios, o Concello de Oleiros puxo a disposición da Xunta de Galicia, en novembro do ano pasado, estas instalacións para a súa xestión e financiamento públicos, mediante á sinatura dun convenio de incorporación ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Este acordo posibilitará unha notable redución da cantidade a pagar polos particulares, fixada nun máximo do 30%, xa que a Xunta de Galicia aportará o 40 % dos gastos de mantemento do servizo e o 30% restante será asumido polo consistorio local, único responsable do seu financiamento e xestión ata o ano 2005.

O edificio central do Pazo de Arenaza, que albergará a trinta usuarios, funcionará como centro de día para o desenvolvemento de actividades e programas terapéuticos ademais dunha atención sanitaria profesionalizada. O edificio anexo das antigas cabalerías destinarase a unha residencia permanente de cinco vivendas comunitarias, con habitacións dobres e capacidade para acoller a 10 internos. Os servizos ofertados polo centro serán compartidos e prestados nas dependencias destinadas a centro de día.



A CASA DE AGRAMAR, APTA PARA TODOS ◀ OS PÚBLICOS

◆ Hai escasos días deron comezo as obras de remodelación interior da Casa de Agramar, situada no parque que leva o mesmo nome, nas inmediacións da Ría da Pasaxe. O edificio, de baixo e dous andares, será destinado a diversos usos públicos para persoas de idades moi diferentes. Así a zona baixa, a máis diáfana, empregarase para a celebración de reunións e festas para a mocidade, como xa se viña facendo ata o de agora. O primeiro andar, con acceso directo pola parte posterior dende o xardín, irá destinado a sala de xuntanzas para o desenvolvemento de actividades das persoas maiores, baixo a coordinación do departamento de Servizos Sociais. Finalmente,

o baixo cuberta continuará cumprindo coa función desempeñada ata a actualidade como albergue de acollida para os convidados que participan en actos institucionais dentro de programas municipais de intercambio cultural e de cooperación internacional.

O consistorio oleirense prevé rematar as obras de rehabilitación, que acadan unha inversión de 104.375,20 euros, no vindeiro mes de xuño.

Dende o goberno municipal lamentamos as molestias que esta actuación poida ocasionar entre a vecindade pero trátase dun proxecto que redundará en beneficio de toda a comunidade acadando un mellor e maior servizo público.

ALTERNATIVA DE OCIO EN SANTA CRUZ

◆ O máis inmediato dos proxectos de recuperación arquitectónica municipal é, sen dúbida, o acometido no centro de lecer de Sta. Cruz, que xa abriu as súas portas para acoller ós adolescentes oleirenses que desexen acudir a este novo punto de encontro e asesoramento para as actividades do seu tempo de ocio. Disporán dun equipo de orientadores xuvenís para axudarlles na organización de iniciativas de carácter lúdico e cultural podendo tamén acceder, en caso de que o desexen, ó uso doutros recursos públicos municipais.

Confiamos en que esta proposta resulte atractiva para os nosos mozos, ós que convidamos a participar activamente no seu funcionamento para a procura de opcións alternativas que vaian máis alá das ofertadas polas administracións públicas ou as empresas privadas.

CALCUTA E MEXICO, OS NOVOS OBXECTIVOS DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL ▼

■ *As cidades de Calcuta, na India, e Jalisco, en México, centran esta tempada as novas accións humanitarias da política municipal en materia de cooperación e solidariedade internacional co fin de tender a man, una vez máis, a aqueles que máis o precisan por seren vítimas das situacións máis inxustas e desafortunadas.*

OBXECTIVO CALCUTA ▼

◆ Nesta ocasión, o Concello de Oleiros achégase á problemática existente nunha pequena e marxinada localidade situada na cidade de Calcuta: o barrio de Kalighat, un dos principais focos de pobreza e prostitución infantil feminina da zona. Boa constancia delo nos deixou, ó seu paso por Oleiros hai escasos meses, Urmi Basu, responsable da institución New Light e principal impulsora dun programa de atención integral para nenas e adolescentes en situación permanente de risco, que ascende a 72.000 euros, e co que colaboramos, a través da **ONG Mundo Cooperante**, mediante unha aportación económica de 9.000 euros destinado á mellora e ampliación dun fogar de acollida para a prestación dun servizo de calidade e con mellores condicións de habitabilidade.

Os que tivemos a ocasión e o privilexio de ver e escoitar a Urmi Basu en Oleiros, fomos testemuñas do entusiasmo co que traballan para sacar adiante, case sen medios, a aproximadamente 150 nenos e nenas en Calcuta, facilitándolles protección, educación e cubrindo as súas necesidades básicas cunha dignidade encomiable, o que merece o noso respecto e aplauso.



OBXECTIVO JALISCO ▼



◆ Outro dos obxectivos do programa de cooperación internacional ten como beneficiario ó grupo “Esperanza de Vida”, situado no estado mexicano de Jalisco, unha agrupación constituída por mulleres, maiores de 60 anos, sen cualificación algunha, soas e con importantes cargas familiares. O seu único medio de supervivencia radica na elaboración de pasta de xeito artesanal, ó que se adican dende hai doce anos asociadas en cooperativa. As ganancias, logo de reservar un fondo para mercar a materia prima, distribúense a partes iguais entre as traballadoras.

Coa finalidade de contribuír ó seu desenvolvemento e mellora, a congregación relixiosa das **Misioneiras Mercedarias de Bérriz** está a levar a cabo un proxecto solidario denominado “taller de pasta orgánica para sopa” para a adquisición dunha máquina de fabricación capaz de aumentar a produción con menor esforzo. Tendo en conta a capacidade de superación individual, nunha sociedade cun elevado índice de analfabetismo, para asociarse, crear riqueza, emprego e redes de distribución para os seus produtos, resulta, cando menos, meresciente da nosa atención e conseguinte colaboración que se materializará cunha aportación de 6.000 euros para a compra da maquinaria, o seu traslado e un pequeno lote de materia prima.

OUTROS OBXECTIVOS ▼

No derradeiro pleno do 2006, tamén se procedeu á aprobación plenaria doutras dúas propostas do grupo de goberno en materia de cooperación internacional.

◆ Coa ONG **Tierra de Niñ@s**, para a consolidación do proxecto “**Killa Wasi. O turismo solidario, unha maneira innovadora e creativa de promover o emprego xuvenil e a identidade local**”. Para esta iniciativa, que se desenvolverá nas zonas máis pobres do Perú, dispórase unha axuda económica de 10.000 euros para, a promoción do emprego xuvenil organizado e a revaloración da identidade cultural dos seus habitantes.

◆ Coa ONG **Solidariedade Galega**, para a execución do proxecto “**Mellora da seguridade médica e técnica do mergullo profesional na bahía de Sechura (Piura) PERÚ**”. Con este programa preténdese mellorar as condicións de traballo daquelas persoas adicadas ó marisqueo de profundidade expoñendo as súas vidas a continuos perigos e accidentes, incrementados ante a falta de medios, menciñas e unha asistencia médica axeitada. Inclúese un apartado destinado á formación previa dos profesionais así como do persoal sanitario. A colaboración ascenderá a 6.000 euros.

Se ti tamén te sentes comprometido lembra que hai un número de conta agardando a túa colaboración

CONTA SOLIDARIA PERMANENTE: 2091 0064 58 3040011138


● **A axuda de todos conta.**
● **E a túa máis que a de ninguén**

FALECEU JOSÉ MARÍA KAYDEDA, Director do Museo dos Oleiros

◆ A nova triste deste xornal ven da man do sempre querido, admirado e entrañable José María Kaydeda. O pasado 16 de novembro, á idade de 86 anos, deixounos este polifacético artista, pintor, escultor, historiador, intelectual e escritor pero sobre todo amigo e home de ben. Aínda que levaba tempo enfermo e, polo tanto, afastado da frenética actividade cultural e social que protagonizou a súa vida, foron moitos os oleirenses que se sumaron ás condolencias polo seu pasamento.

Controvertido, polémico e perseguido pola defensa dos seus ideais, Kaydeda deixa tras si un importante legado patrimonial para uso e disfrute dos veciños de Oleiros. O museo de As Torres de Santa Cruz, que leva o seu nome e do que foi director durante moitos anos, alberga a colección etnográfica máis importante e singular de España, doada por el e a súa dona ó consistorio, froito da súa longa peregrinación por todo o país coa pretensión de plasmar a diversidade cultural e histórica a través da alfarería popular.

Figura comprometida e loitador incansable das liberdades individuais, José María Kaydeda seguirá sempre entre nós pola súa aportación á cultura, como protagonista imborrable da historia de Oleiros, e pola súa calidade humana, un privilexio para os que disfrutamos da súa grata e enriquecedora compañía.



APROBADO CON NOTA PARA OS OLEIRENSES POLO USO DO CINTO DE SEGURIDADE ▼



◆ Como non podía ser doutra maneira encabecemos esta información con verbas de agradecemento e parabéns ós condutores que, a diario, transcorren polas estradas oleirenses polo seu comportamento exemplar no cumprimento dunha das principais normas de circulación; o uso do cinto de seguridade.

Finalizada a campaña municipal de seguridade e educación vial, organizada pola Concellería de Réxime Interior, detectouse por parte dos axentes da policía local implicados nos distintos operativos de información a pé de rúa, un notable incremento no respecto da lei, proba indiscutible dun maior grao de conciencia e responsabilidade civil na condución ademais da efectividade das accións preventivas levadas a cabo ó longo de todo o ano.

Os datos falan por si sós. Dos 1150 vehículos controlados durante unha semana, tramitáronse 8 denuncias por incumprimento desta norma. Dende a policía local realizouse un amplo despregue nos puntos máis

transitados do termo municipal para informar e advertir ós condutores dos graves riscos que supón a ausencia do cinto. Resulta satisfactorio comprobar como a poboación está a tomar conciencia deste feito colaborando na difícil tarefa de reducir a mortalidade nas estradas, da que todos somos responsables. Noraboa.

RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN ▼

◆ E seguimos falando de información, aínda que ben distinta porque o Centro Municipal de Formación xa dispón dun Punto de Información do Servicio Galego de Colocación. Este novo servizo consiste na instalación dunha terminal informática conectada á administración autonómica para ofrecer ós demandantes de emprego, do noso concello, unha serie de prestacións ata o de agora inexistentes.

A máis importante radica na posibilidade de renovar a demanda no propio Centro de Formación sen necesidade de ter que viaxar ata a

cidade de A Coruña suxeitos a un restrinxido horario de mañá. O punto de información do "Isaac Díaz Pardo" evita o desprazamento e amplía o horario, estipulado de 08:00 a 20:00 horas, ininterrompidamente.

Ademais, ofrécense outros servizos públicos, gratuítos, complementarios e de gran utilidade como son a obtención de información sobre as ofertas de traballo, a realización de consultas no DOGA e no BOE ou coñecer a demanda existente en cursos de formación.

ASÍ MEDRA OLEIROS

CAPÍTULO IV:


● Parroquia de Liáns Urbanización Meixonfrío. Santa Cruz

◆ Xa foron adjudicadas as obras de realización da urbanización de Meixonfrío, na localidade de Santa Cruz. Este ámbito, comprendido entre a igrexa nova e a praia, virá a consolidar a trama urbana desta localidade oleirense a través dunha ordenación respectuosa e harmónica co entorno. Ademais, permitirá rescatar importantes espazos verdes- costeiros e de interior- para uso e disfrute dos cidadáns, así como posibilitar a dotación de novas prazas públicas, áreas deportivas e zonas de xogos infantís.

É de destacar que esta actuación urbana, nunha das zonas máis privilexiadas e con maior calidade de vida, dotará ó concello de 87 vivendas protexidas, dirixidas ás familias con menos recursos económicos, das que 70 serán promocionadas polo consistorio oleirense, a través da venda de solo destinado ó 10% de cesión obrigatoria, e 17 de promoción privada en proindiviso coa administración local e, polo tanto, nas mesmas condicións que as municipais.

Nesta zona conxugaranse as vivendas e os edificios colectivos, de baixo máis dous andares e baixo máis tres, coas unifamiliares, ubicadas nas zonas altas próximas á localidade de Coruxo.

Dos 57.865 metros cadrados de superficie que ocupa a citada urbanización, 37.200 pasan a propiedade municipal como zonas verdes, vias e outras dotacións públicas, prevíndose máis de 350 aparcamentos de uso común e gratuito e outros 578, ademais dos obrigados, a nivel privado, na construción de vivendas executadas no ámbito.



	VIVENDAS UNIFAMILIARES (V.U.)
	VIVENDAS COLECTIVAS PRIVADAS (V.C.P.)
	VIVENDAS PROTEXIDAS (V.P.)
	ZONA VERDE (Z.V.)
	EQUIPAMENTO